

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE OUTUBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Marta González Vázquez como secretaria xeral da Igualdade.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Igualdade a Susana López Abella

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial OU-1264 denominada travesía de Bande a prol do Concello de Bande.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se dispón que cese Susana López Abella como secretaria xeral de Familia e Benestar.
- Decreto polo que se dispón que cese Coro Piñeiro Vázquez como directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal .
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral de Política Social a Coro Piñeiro Vázquez

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e Portos de Galicia, sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras (Lugo).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), para a posta en marcha no ano 2011 do Plan Estratéxico do Sector de Automoción en Galicia (P.E.S.A.), por importe de setecentos cincuenta mil euros (750.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto liña de alta tensión a 132 kv O Corgo-Triacastela sobre a que cualifica os montes veciñais en man común Serra de Costantín, Cantariña, Rañadoiro, Reboiro, Serra do Galo, Picato, Carballo e Veigas de Rozas pertencentes, respectivamente, ás comunidades de Costantín, Arroso, Quintela e Sobrado de Picato e situados no concello de Baralla (Lugo). A superficie de afección que corresponde a cada monte é, pola orde na que se enunciaron 3,3696 ha, 2,9280 ha, 2,5776 ha e 0,3552 ha.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o gasto farmacéutico.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a situación actual e o futuro do Sistema de Bibliotecas de Galicia.

A XUNTA ADAPTA O MÍNIMO EXENTO NO IMPOSTO DO PATRIMONIO Á REGULACIÓN ESTATAL

- ***Facilita o acceso de pequenos investidores á dedución por investir en empresas que cotizan no MAB***
- ***Converte en indefinida a dedución de AXD para constituír préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros***
- ***Amplía as actuacións de protección do ambiente ás que pode destinarse o Fondo de Compensación Ambiental***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de Lei de medidas fiscais para o vindeiro ano 2012, que adapta a contía mínima exenta para o imposto de patrimonio á regulación estatal, polo que quedará fixado nos 700.000 euros, o mesmo límite fixado polo Goberno central.

Esta decisión prodúcese logo de que o Executivo central decidise suprimir a dedución total que tiña este imposto desde o ano 2008, posto que o mínimo exento fixado anteriormente en Galicia estaba en algo máis de 108.200 euros.

Ademais, establece beneficios fiscais entre os que está a bonificación do 50% do coeficiente de vertedura durante o ano que vén naqueles lugares con estacións de depuración de augas residuais (EDAR) xa xestionadas polo Goberno galego.

Tamén fixa a exención do pagamento do canon da auga para aquelas familias en risco ou en situación de exclusión social, así como aquelas entidades que presten servizos directos a persoas con estas características.

Por outra banda, modifica a dedución no imposto da renda sobre as persoas físicas (IRPF) xa existente relativa ao investimento en accións de empresas que cotizan no mercado alternativo bursátil (MAB) para facilitar o acceso a ela a pequenos investidores.

Para iso, elimina o requisito de ter máis do 1% do capital. Así mesmo, amplía de dous a tres anos o prazo de mantemento do investimento para que a vinculación coa empresa sexa máis duradeira e, para paliar impactos, rebaixa a porcentaxe da dedución do 20 ao 15%.

Converte en indefinida a dedución do 100% na modalidade do imposto de actos xurídicos documentados (IAXD) para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos que foron destinados á adquisición de vivenda, e amplía tamén o seu contido aos créditos hipotecarios.

Igualmente equipara o tratamento dos créditos hipotecarios cos préstamos hipotecarios no gravame de IAXD para ofrecer liberdade ao contribuínte para elixir a figura xurídica máis conveniente aos seus intereses sen que existan condicionantes fiscais nesa decisión.

Establece un novo beneficio fiscal, do 100% en AXD, para os créditos e préstamos cando se modifique o sistema de amortización ou calquera outra condición financeira do préstamo ou crédito. Con isto elimínanse os condicionantes fiscais para a modulación dos préstamos e créditos existentes nos momentos de crise que se están vivindo.

Así mesmo, modifícase a lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental para ampliar as actuacións de protección do ambiente ás que se pode destinar este fondo de compensación. Deste xeito, engádense os custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente.

Outra das medidas incluídas é a modificación da normativa autonómica sobre o xogo para adaptala aos novos tipos de xogo autorizados en Galicia, como o bingo electrónico, ou que estea previsto autorizar, así como á normativa estatal, que, entre outras cuestións, crea o imposto sobre as actividades de xogo e cambia a tributación das apostas.

En materia de ordenación farmacéutica, modifícanse varios preceptos da lei para cambiar horarios e servizos de garda das farmacias nas zonas rurais sempre que se asegure o servizo adecuado ao usuario, ademais de dar servizo e tratamento a 7.500 persoas de residencias pública e concertadas en materia farmacéutica.

O CONSELLO NOMEA A SUSANA LÓPEZ ABELLA COMO NOVA SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

- ***Susana López Abella substitúe no cargo a Marta González***
- ***A nova secretaria xeral de Política Social será Coro Piñeiro Vázquez***
- ***Deste xeito Coro Piñeiro asume as competencias da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, á que lle transfíre tamén as competencias que tiña ata agora a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Susana López Abella como nova secretaria xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, en substitución de Marta González.

Nacida en Chantada o 14 de maio de 1967, Susana López Abella realizou estudos de Ciencias Empresariais na Facultade de Empresariais de Vigo. Entre os anos 1999 e 2003 foi concelleira de Cultura e Relacións Institucionais e tenente de alcalde no Concello de Chantada.

Foi deputada no Parlamento galego desde a VI Lexislatura e vicesecretaria executiva e voceira de Benestar Social do PPdeG. Nesa lexislatura foi voceira adxunta 3ª do Grupo Popular, presidenta da Comisión da Mocidade, voceira na Comisión de Igualdade e Dereitos da Muller, voceira de Emprego na Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego e secretaria na Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos. Durante a VII Lexislatura, foi voceira de Traballo, Muller e Igualdade do Grupo Popular, vogal nas comisións Institucional, Sanidade, Política Social e Emprego e de Relacións co Consello de Contas. Na VIII Lexislatura foi elixida deputada autonómica pola provincia de Lugo.

En abril de 2009 foi nomeada secretaria xeral de Familia e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar, cargo que ostentaba ata a actualidade.

Coro Piñeiro Vázquez, nova secretaria xeral de Política Social

A ata agora directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, Coro Piñeiro Vázquez, pasará a ser a nova secretaria xeral de Política Social, dependente da Consellería de Traballo e Benestar. Deste xeito, Coro Piñeiro asume as competencias da ata agora Secretaría Xeral de Familia e Benestar, á que lle transfíre tamén as competencias que tiña ata agora a Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, que deixará de existir como tal. O novo órgano pasa a denominarse Secretaría Xeral de Política Social.

Coro Piñeiro naceu en San Sebastián, Guipúscoa. É licenciada en Psicoloxía pola Universidade Complutense de Madrid (1983); licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía (especialidade Socioloxía Xeral) pola Universidade Complutense de Madrid (1985); e ten o diploma de directivo da Xunta de Galicia (1996).

Funcionaria do Corpo Superior Especial (socióloga) da Deputación Provincial de Lugo desde 1985, foi xefa de gabinete de Acción Social ata 1990, cando se traslada á Administración Autónoma de Galicia, asimilada ao corpo superior xeral, para ocupar os postos de xefa da Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial en Lugo da anterior Consellería de Traballo e Servizos Sociais ata decembro 2001.

Foi tamén secretaria da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Asuntos Sociais desde o 1 de xaneiro de 2002 ata o 25 de xaneiro de 2003, data en que pasa á situación administrativa de servizos especiais como funcionaria do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia, polo seu nomeamento como Delegada Provincial en Lugo da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Ademais, exerceu de xefa de sección de Promoción da Muller en Lugo (SGI).

Desde o 23 de abril de 2009 e ata agora ocupaba o cargo de directora xeral da Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Traballo e Benestar.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL OU-1264 A PROL DO CONCELLO DE BANDE

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a necesidade de cesión deste tramo se dá porque a vía adquiriu as características de treito urbano***
- ***A entrega formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***O Concello de Bande, a partir da formalización da entrega, deberá ser responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade da estrada provincial OU-1264 denominada travesía de Bande, nun treito de 784 metros, a prol do Concello de Bande.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinala que a necesidade de cesión deste tramo se dá porque a vía adquiriu as características de treito urbano.

A Dirección Xeral de Infraestruturas analizou e considerou adecuado o cambio de titularidade deste treito e de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes, a transferencia da titularidade.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O Concello de Bande, a partir da formalización da entrega, deberá ser responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía. Tamén se ocupará do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

O Decreto 308/2003 prevé a posibilidade do cambio de titularidade de estradas a prol dos concellos, con especial referencia a aquelas susceptibles de ser transferidas por non dar continuidade a itinerarios ou ser treitos de estradas en que se fixeron variantes de trazado.

Así mesmo, no artigo 5 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, indícase que os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.



A AXEGA COLABORA CON PORTOS DE GALICIA PARA MELLORAR Á ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS NOS 122 PORTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

- ***O acordo busca optimizar procedementos, tempos e recursos no relativo ás emerxencias que se poidan producir nas instalacións e infraestruturas de Portos de Galicia***

O Consello da Xunta, na súa reunión semanal, autorizou o proxecto de acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e Portos de Galicia en materia de protección civil, para mellorar a prestación do servizo e optimizar procedementos, tempos e recursos no relativo ás emerxencias que se poidan producir nas instalacións e infraestruturas competencias de Portos de Galicia.

A finalidade do acordo, que hoxe autorizou o Consello da Xunta, é axilizar o intercambio de información entre ambas as partes, de maneira que ambas estean informadas en relación aos incidentes que se poidan producir nalgún dos 122 portos, e que exixa intervención de servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios ou salvamento.

En concreto, este proxecto de acordo establece os procedementos de comunicación bilateral entre o Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia e Portos de Galicia de maneira que ambos estean informados en relación cos incidentes que se poidan producir nalgún dos 122 portos dependentes da Xunta de Galicia.

Portos de Galicia porá os medios humanos e materiais necesarios para o suposto de emerxencias que pola súa extensión ou intensidade sexan especialmente graves, e terá dispoñibilidade permanente as 24 horas dos sete días da semana en materia de comunicación recíproca entre ambas as partes. A Axega, pola súa parte, enviaralle os informes de predición meteorolóxica elaborados por MeteoGalicia e Aemet.

As actuacións recollidas no acordo teñen por obxecto mellorar a prestación de servizos, tanto da Axencia coma de Portos de Galicia, axilizando e priorizando o intercambio de información para acadar a máxima optimización de tempo e recursos en emerxencias, nas que poidan estar implicadas instalacións e infraestruturas competencia de Portos de Galicia.

Cómpre destacar a acción formativa mediante o intercambio de visitas ás respectivas instalacións do Centro de Emerxencias 112 e as de Portos de Galicia para o coñecemento delas, co propósito de que os membros dos servizos externos de Atención de Emerxencias e de Portos de Galicia obteñan a máxima eficiencia na coordinación, colaboración e cooperación.

APROBADA DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS (LUGO)

- ***A modificación afecta exclusivamente o uso das parcelas do parque empresarial.***
- ***Incrementátese o número de parcelas de uso mixto e diminúese o de parcelas de uso exclusivamente industrial e as terciarias.***
- ***A modificación responde ás necesidades do mercado, detectadas tras a posta á venda do parque empresarial.***

A modificación do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras conta xa coa aprobación definitiva, unha vez que o acordou o Consello da Xunta de Galicia na reunión de hoxe.

A modificación do proxecto sectorial realizouse na procura dunha resposta máis áxil ás necesidades do mercado detectadas despois da posta en venda da primeira fase do parque empresarial das Gándaras e constatouse unha maior demanda de solo mixto fronte a de solo industrial e solo terciario, que é menor.

Con esta modificación redúcese lixeiramente a superficie de solo industrial (-15,5 por cento) e de forma máis notable a de uso terciario (-49,8 por cento) con escasa demanda, e incrementátese en preto dun 50 por cento a superficie de uso mixto, que é a máis demandada no parque das Gándaras.

Na actualidade está vendido ou reservado máis do 24 por cento do solo posto á venda na primeira fase do parque empresarial das Gándaras, que supón máis de 92.500 metros cadrados.

ECONOMÍA E INDUSTRIA MOBILIZA INVESTIMENTOS DE PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN ESTRATÉXICO DA AUTOMOCIÓN

- ***O Consello da Xunta autorizou un acordo de colaboración entre a Fundación Ceaga e o Igape, que destinará 750.000 euros a apoiar esta iniciativa de colaboración pública e privada para situar o sector da automoción de Galicia nunha posición de liderado europeo en competitividade***
- ***A iniciativa insírese no marco do plan re-Móvete Integral, que conta cunha dotación de 120 millóns de euros, un programa pioneiro a nivel nacional para prestar un apoio coherente e eficaz ao sector do automóbil no seu conxunto***

A Consellería de Economía e Industria posibilita investimentos de preto de 2 millóns de euros para o desenvolvemento no ano en curso do Plan Estratéxico da Automoción de Galicia (PESA), no marco dun acordo de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Fundación Ceaga que autorizou o Consello da Xunta de Galicia.

O acordo regula a colaboración do Igape, que destina un total de 750.000 euros, e a Fundación Ceaga (impulsada polo Clúster de Empresas de Automoción de Galicia) para o desenvolvemento dunha iniciativa que constitúe un exemplo de coordinación público-privada e que ten como reto global situar o sector de automoción, de importancia estratéxica para Galicia, nunha posición de liderado europeo en competitividade de xeito sostido.

Os grandes obxectivos do PESA, que impulsa a Fundación Ceaga en colaboración co Igape, están centrados en actuacións de mellora da competitividade e a internacionalización, na procura de melloras en aspectos como facturación, produtividade, valor engadido ou extensión transversal das melloras prácticas de xestión empresarial. O orzamento do PESA para 2011 ascende a preto de dous millóns de euros. O novo convenio que autoriza agora o Consello da Xunta supón un paso máis no marco de colaboración do Igape cun sector fundamental para a economía de Galicia.

A colaboración insírese no marco do Plan re-Móvete Integral, un programa pioneiro a nivel nacional para prestar, cunha dotación de 120 millóns de euros, un apoio coherente e eficaz ao sector do automóbil no seu conxunto, mediante iniciativas de apoio tanto ás plantas ensambladoras de vehículos como á industria auxiliar de compoñentes, as actuacións arredor da innovación e a eficiencia enerxética no sector e ao desenvolvemento dun novo modelo de electro-mobilidade para Galicia.

Entre os grandes obxectivos do PESA, que está a desenvolver o sector co apoio da Xunta de Galicia, están: incrementar a facturación global, mellorar a produtividade do sector en Galicia, acadar un incremento do valor engadido bruto e estender as melloras prácticas de xestión a outros sectores galegos.

APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE SOBRE MONTES VECIÑAIS DE BARALLA

- ***Declárase a prevalencia da utilidade pública da liña O Corgo-Triacastela sobre a cal cualifica varios montes veciñais en man común deste concello lugués***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de alta tensión a 132 kv O Corgo-Triacastela sobre a cal cualifica varios montes veciñais en man común pertencentes ao concello lugués de Baralla. En concreto, trátase dos montes Serra de Costantín, Cantariña, Rañadoiro, Reboiro e outros.

En aplicación do artigo 6 do Regulamento da Lei de montes veciñais en man común, acordouse declarar esta prevalencia da utilidade pública tendo en conta as melloras que esta liña vai representar para a rede de servizo eléctrico.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural propuxo que se emitise informe favorable sobre esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común e despois de que se comprobase que as zonas afectadas non presentan valores forestais de especial interese.

A superficie total de afección desta declaración sitúase nas 9 hectáreas, sumando o territorio dos diferentes montes veciñais.

GALICIA DIMINUÍU EN 76 MILLÓNS DE EUROS O SEU GASTO FARMACÉUTICO ENTRE XANEIRO E SETEMBRO, UN 10,87% MENOS QUE NO MESMO PERÍODO DE 2010

- ***A diminución do gasto medio por receita acumulado nestes meses en comparación co ano anterior foi dun 12,99%***
- ***Estas medidas teñen unha repercusión directa de aforro para o cidadán con prestación farmacéutica activa, xa que a cantidade que ten que achegar na dispensación é menor ao tratarse de fármacos cun prezo inferior***
- ***Os aforros obtidos a través das políticas de prescrición eficiente en Galicia e o bo uso dos medicamentos permiten investir noutros ámbitos da sanidade e facilitan a sustentabilidade do sistema***

Entre o mes de xaneiro e o mes de setembro 2011, grazas á implantación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, a factura farmacéutica de Galicia foi de 76 millóns de euros menos que o mesmo período do ano 2010, o que supón unha diminución do gasto farmacéutico dun 10,87%.

Así mesmo, no que atinxe á evolución da prescrición de envases xenéricos na Comunidade, a porcentaxe de prescrición destes fármacos situábase no 10,70% en xuño de 2009 e no mes de agosto de 2011 alcanza xa o 33,02%.

En canto aos datos de gasto a través de receita oficial comparados coas outras CCAA, Galicia é a Comunidade que máis diminuíu o seu gasto no mes de agosto de 2011 respecto ao mes de agosto de 2010.

Sustentabilidade do sistema

O gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario e un dos que máis comprometen a sustentabilidade futura dos sistemas sanitarios. Polo tanto, o mantemento e a actualización do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia colabora para garantir esta sustentabilidade.

Os aforros obtidos a través das accións que perseguen unha política de prescrición eficiente e o fomento do bo uso dos medicamentos permiten investir noutros ámbitos da sanidade e facilitan a sustentabilidade do sistema sanitario galego.

Así mesmo, estas medidas teñen unha repercusión directa de aforro para o cidadán con prestación farmacéutica activa (receita verde), xa que a cantidade que ten que achegar na dispensación dos medicamentos do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos é menor ao tratarse de fármacos a prezo inferior.

A XUNTA ESTRUTURA O SISTEMA DE BIBLIOTECAS ARREDOR DUN CONXUNTO DE ESTÁNDARES QUE MELLORARÁN A SÚA CALIDADE E ELABORARÁ UN MAPA DE SITUACIÓN

- ***A Consellería presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre a situación actual e o futuro do Sistema de Bibliotecas de Galicia. O novo modelo de biblioteca que se vai implantar é froito do equilibrio entre tres eixes de intervención: a biblioteca como produtora, provedora e democratizadora da información; a biblioteca como espazo de formación e como punto de encontro e espazo cultural de proximidade***
- ***No informe tamén se inclúen os datos do censo de bibliotecas, que revelan que Galicia conta con 456 instalacións, unha por cada 6.130 habitantes, nas que traballan 720 persoas. En total, a Comunidade conta cunha superficie bibliotecaria de 88.475 metros cadrados***

A Consellería de Cultura e Turismo presentou ante o Consello da Xunta un informe sobre a situación actual e o futuro do Sistema de Bibliotecas de Galicia. Neste documento trázanse a liñas actuais do sector e márcanse os obxectivos de cara aos próximos anos, que pasan pola necesidade de fixar uns estándares, crear un mapa de bibliotecas de Galicia e elaborar un novo marco legislativo que teña en conta o actual modelo de biblioteca.

Sobre o futuro do sistema galego de bibliotecas, o informe presentado hoxe chama a atención sobre que a situación económica actual obriga as administracións públicas a planificar estratexicamente as actuacións de cara a optimizar os recursos. Para lograr este obxectivo, a Subdirección Xeral de Bibliotecas iniciou, co Censo das Bibliotecas Públicas de Galicia, un proceso de planificación bibliotecaria que tivo a súa continuidade na realización dos *Estándares das Bibliotecas Públicas* de Galicia e que rematará coa elaboración do *Mapa de Bibliotecas*.

Os estándares son os primeiros que se elaboran desde e para Galicia e a súa aplicación significará unha mellora considerable das bibliotecas galegas nos próximos anos. Trátase dun instrumento que permite estimular o crecemento e a mellora da calidade da biblioteca e convencer da necesidade de adaptación ás circunstancias cambiantes dos concellos, evitando así caer na idea dunha biblioteca estática.

O modelo de biblioteca que se vai implantar rompe co concepto tradicional, tendo en conta a revolución tecnolóxica e os cambios de hábitos dos cidadáns e das formas de uso do seu tempo libre. O novo modelo de biblioteca é froito do equilibrio entre tres eixes de intervención: a biblioteca como produtora, provedora e democratizadora da información; a biblioteca como espazo de formación e desenvolvemento persoal e como punto de encontro e como espazo cultural de proximidade.

Segundo estes estándares, o edificio da biblioteca debe ser un espazo atractivo e flexible, que responda ás necesidades cambiantes dun público heteroxéneo. Ademais, a

súa distribución estará condicionada polo incremento do uso das novas tecnoloxías e polas novas formas de produción e consumo de usos bibliotecarios. Deste xeito, os estándares establecen a distribución dos espazos das bibliotecas en catro grandes áreas: zona de acollida e promoción; zona xeral (distribuída en tres áreas: de información, de música e imaxe e de hemeroteca); zona infantil e zona de traballo interno.

Sobre o equipamento, os estándares establecen que se deben incorporar as tecnoloxías emerxentes da información. Concrétanse o número mínimo e a distribución dos puntos de lectura e dos puntos de acceso informático público que se considera que deben ofrecer as bibliotecas aos seus usuarios. Coa aplicación destes estándares, as bibliotecas máis pequenas deberán dispoñer dun mínimo de 7 puntos de acceso informático e 20 puntos de lectura -ademais dos correspondentes ao espazo polivalente-. Nos municipios de máis de 5.000 habitantes os puntos de acceso informático increméntanse de forma importante ao sumarles os correspondentes ao espazo de formación.

Mapa de situación

O informe establece que, unha vez que os estándares sexan aprobados pola Consellería de Cultura e Turismo, o seguinte paso que se debe tomar é a elaboración do *Mapa de lectura pública de Galicia* e impulsar plans municipais ou territoriais de bibliotecas. O Mapa, creado a partir do contraste entre a situación bibliotecaria actual e a que correspondería segundo a aplicación dos estándares, é o marco de referencia básico das actuacións das administracións públicas responsables da prestación do servizo bibliotecario, xa que permite coñecer a realidade bibliotecaria do territorio, detectar o déficit bibliotecario e establecer as necesidades da lectura pública de cada concello.

A partir dos resultados obtidos será necesario establecer unha política de actuación que promova a execución de accións que permitan a mellora paulatina da situación bibliotecaria actual e a aproximación á situación ideal formulada polos estándares e o mapa. Para completar o proceso, é conveniente realizar plans municipais de bibliotecas que vaian un paso máis alá do Mapa, recollendo a casuística de cada municipio para adaptar e dimensionar mellor os recursos ás características do territorio.

Sobre o futuro, o informe fai fincapé en que, para afrontar os novos retos da biblioteca e para que o servizo bibliotecario se axuste a realidade, se fai necesario contar cun novo marco legislativo que teña en conta o novo modelo de biblioteca e que integra os seguintes elementos: centralidade, apóstase por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; traballo en rede a nivel local que permita tender unha rede a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade que acheguen o servizo aos cidadáns; presenza da biblioteca fóra da súa propia sede; a biblioteca como centro de información, aprendizaxe e cultura; incremento de servizos en liña. Deste xeito a biblioteca convértese nun lugar de intercambio e encontro e nun espazo comunitario.

Por outra banda, conformada unha importante rede de bibliotecas públicas de Galicia, cómpre incidir xa non tanto na creación de novos centros como na mellora, modernización e planificación dos existentes. O anteproxecto de Lei de bibliotecas que se está a tramitar recolle o novo modelo do Sistema de Bibliotecas Públicas de Galicia e a creación do Mapa de Bibliotecas Públicas como o marco de referencia básico das actuacións das administracións públicas responsables da prestación do servizo bibliotecario e como o instrumento que determinará, en función de criterios obxectivos, os servizos bibliotecarios dispoñibles, as necesidades de lectura pública e planificará o tipo de servizos que lle corresponderá a cada poboación conforme os estándares internacionais e comunitarios.

Censo de bibliotecas

Co fin de contar cunha información completa, actualizada e contrastada da realidade dos centros bibliotecarios da rede galega, a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, elaborou no ano 2009 o Censo de Bibliotecas de Galicia, que supuxo a compilación da información das bibliotecas galegas mediante a recolla de datos referidos aos espazos, ao fondo documental, ao persoal, ás horas de servizo e ao equipamento informático, ademais de recoller información adicional de utilidade para coñecer o estado da cuestión sobre aspectos específicos dos recursos das bibliotecas que se consideran de importancia estratéxica para o desenvolvemento do servizo.

O Censo de Bibliotecas de Galicia de 2009 recolle que a Rede de Bibliotecas de Galicia está integrada por 456 bibliotecas. Por provincias, A Coruña conta co maior número de bibliotecas, 176; seguida de Pontevedra, con 122; Ourense, con 86, e Lugo, que conta con 72 instalacións deste tipo.

Estes datos permiten concluír que en Galicia hai unha biblioteca por cada 6.130 habitantes. Por provincias, calcúlase que Ourense conta con 1 biblioteca por cada 3.902 persoas; Lugo, 1 por cada 4.865; A Coruña, 1 por cada 6.505; e, por último, Pontevedra, 1 biblioteca por cada 7.740 habitantes.

No tocante a infraestruturas internas propiamente ditas, ao espazo dispoñible para albergar tanto material coma equipamentos e persoas, Galicia conta cunha superficie bibliotecaria de 88.475 metros cadrados con grandes diferenzas interprovinciais. A Coruña destaca como a provincia que suma un maior número de metros cadrados de superficie útil, moi por encima do resto, cun total de 41.845 metros cadrados, que dobra practicamente os de Pontevedra e case triplica os de Ourense e Lugo. As bibliotecas coruñesas son tamén na media as máis grandes, con 250,57 metros cadrados, seguidas polas da provincia de Pontevedra, cunha superficie útil media duns 214,34 metros cadrados. As da provincia de Ourense contan cunha superficie media de 148,52 metros cadrados. As de Lugo, en terceiro lugar, chega aos 185,67 metros cadrados. As dúas provincias máis poboadas estarían por riba da media galega, mentres que as menos habitadas quedan por debaixo.

O estudo tamén revela que as bibliotecas galegas contan cunha colección total de 2.627.158 documentos, 129.674 documentos audiovisuais e 84.974 títulos de publicacións seriadas.

O informe pon de manifesto que a Comunidade galega conta con 720 persoas traballando nas súas bibliotecas. Por provincias, A Coruña conta con aproximadamente un bibliotecario por cada dúas bibliotecas a tempo completo e un técnico por cada unha. En total, sumando as medias das catro clases de persoal, é a única provincia en ter dous traballadores por biblioteca a tempo completo, case medio punto por riba da media autonómica, que é para esa suma de 1,66 empregados por biblioteca. Á provincia coruñesa séguela Pontevedra con 1,63 traballadores por biblioteca; Lugo con 1,44, e Ourense con 1,16 empregados por biblioteca.

En total, as bibliotecas galegas abren unha media de 30 horas á semana, unha media que cumpren as catro provincias.